

**ACTA NÚM. 18 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA
CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2019.**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:05 horas** do día **15 de outubro de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro, preside a sesión por ausencia do señor alcalde, Don Xosé A. Sánchez Bugallo.

PSdeG-PSOE:

Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez (incorpórase durante o sorteo)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez (incorpórase durante o sorteo)

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

Dona Lucía Carreira Pérez, **xefe de negociado do padrón.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asisten Dona María Milagros Castro Sánchez, Don Gonzalo Muíños Sánchez, Don José Javier Fernández Martínez, Don Ramón de Jesús Quiroga Limia, Dona Beatriz Cigarrán Vicente, Dona María Castelao Torres, Dona Branca Petra Novo Rey, Don Rafael Peña Vidal e Dona Marta Irene Lois González.

ORDE DO DÍA:

PUNTO ÚNICO: Sorteo membros de mesas electorais, con motivo das vindeiras eleccións xerais.

Cumpriméntase así:

PUNTO ÚNICO: SORTEO MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS, CON MOTIVO DAS VINDEIRAS ELECCIÓNS XERAIS.

O artigo 26 da vixente Lei do Réxime Electoral di literalmente o seguinte: “a formación das mesas compete aos concellos baixo a supervisión das xuntas electorais de zona. O presidente e os vogais de cada mesa, son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na sección correspondente que sexan menores de 70 anos e que saiban ler e escribir. O presidente deberá ter o título de bachiller ou de formación profesional de 2º grao, ou subsidiariamente o de graduado escolar ou equivalente. Procédese da mesma forma ao nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da mesa.”

A continuación e coa axuda da Sra. Xefa do Negociado do Padrón e persoal do departamento de informática, pasase á utilización dunha aplicación informática, que obtén de xeito aleatorio a conformación das distintas mesas electorais e as listas de reserva.

Unha copia do resultado do sorteo, incorpórase á documentación deste pleno.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 10:15 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

A 1ª tenente de alcalde,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Mercedes Rosón Ferreiro

Asdo: José Ramón Alonso Fernández

